

ARASAC EN CIFRAS

As últimas novas do Proxecto de Investigación ARASAC



NESTE NÚMERO

**TRAEMOS BOAS NOVAS:
O NOSO PROXECTO DE
INVESTIGACIÓN RECIBIU
FINANCIAMENTO!**

**RESULTADOS DO CURSO
2021/22**

**UN PROXECTO CON
FUTURO**



Proxecto PID2021-126981OB-I00 financiado por:




Gracias pola vosa participación!


Co inicio do novo curso escolar, comprácenos informarnos de que o proxecto de investigación “Factores asociados ao axuste académico en adolescentes: o papel do apoio social percibido e a autorregulación da aprendizaxe” (ARASAC) vén de recibir **financiamento no marco do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia (Ministerio de Ciencia e Innovación, Agencia Nacional de Investigación e Fondo Europeo de Desarrollo Regional, Ref. PID2021-126981OB-I00)**. Isto supón o recoñecemento da relevancia dos obxectivos de investigación propostos e a calidade do proxecto en xeral. Ademais, sitúanos en disposición de obter datos lonxitudinais que nos permitirán valorar os perfis e progreso dos estudantes durante tres anos. Durante o curso académico 2021/22, grazas á colaboración do alumnado, familias e profesorado de diversos centros, pudemos executar e finalizar con éxito a primeira fase do proxecto. Gustaríanos agradecer de novo a vosa colaboración e agardamos seguir contando con ela. A continuación, presentamos algúns dos resultados obtidos ata o de agora.

Resultados da recollida de datos do curso 2021/22


Contamos coa participación de **1311 estudantes** (media de idade = 13 anos; 53.8% mulleres) de Educación Secundaria Obligatoria



Porcentaxe de alumnado participante por curso académico




O alumnado percibe, en liñas xerais, niveis medios/elevados de apoio por parte da familia (96.9%), dos/as compañeiros/as (97.9%) e do profesorado (91.8%).



Autorregulación cognitiva e metacognitiva

O alumnado emprega con frecuencia estratexias metacognitivas (p.ex., planificar as súas tarefas) e cognitivas (p.ex., elaborar esquemas).

Para autorregular a súa **motivación**, emprega habitualmente metas de *rendemento* (MR; centradas nas cualificacións), *autoconsecuencias* (AC; autoadministración de recompensas) e metas de *aprendizaxe* (MA; centradas na adquisición de coñecemento).



Autorregulación motivacional

Os seguintes pasos

Ao longo dos próximos **tres anos**, considerando o éxito da primeira fase do proxecto ARASAC, continuaremos coa nosa investigación, co fin de poder afondar sobre as relacións entre as variables de interese, nos/as adolescentes galegos/as:

